



CAMPOS DE GOLF

GALICIA DESTINO SEGURO

#SENTIDIÑO *Protexámonos a nós mesmos e aos que nos rodean*

ANTES DE IR AO TRABALLO



PERSOAS ESPECIALMENTE SENSIBLES

Coñecer que persoas traballadoras son especialmente sensibles á covid-19 e adoptar as medidas específicas para minimizar o risco de contaxio. Consulte co servizo de prevención ou co seu médico.



FEBRE OU CONTACTO CON PERSOAS INFECTADAS


Non ir traballar con febre (>37° C) ou síntomas da covid-19 ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.



DESPRAZAMENTO AO TRABALLO

Faranse mellor de forma individual. Escoller as opcións de mobilidade que garantan a máxima distancia posible. En caso de compartir vehículo deberán ter en conta as obrigas do uso de máscara.

DISTANCIA DE SEGURIDADE



NO SERVIZO

A distancia interpersonal na atención ao público será de 2 metros. Cando non sexa posible mantela utilizaranse máscaras e/ou outras medidas de barreira (pantalla facial ou pantallas de separación).



NORMAS DE USO DAS INSTALACIÓNS

Establecer normas de uso para os distintos espazos compartidos, evitar sempre aglomeracións e respectar as distancias entre persoas. Establecer quendas de uso, cando fose necesario.



CONTROL DA CAPACIDADE MÁXIMA

Limitar a capacidade, organizar a entrada e a saída dos usuarios para dirixir o fluxo das persoas co fin de evitar o contacto. Respetar a distancia de seguridade de 2 metros durante a espera.



ORGANIZAR ESPAZOS

Redistribuír a disposición dos postos de traballo, a circulación das persoas e os espazos. Planificar as tarefas e os procesos de traballo de xeito que se garanta a distancia de seguridade.

HIXIENE E LIMPEZA



LAVADO DE MANS

Facilitar o lavado frecuente das mans ou o uso de solucións desinfectantes. Lavalas antes de poñer e logo de quitar as luvas.



LIMPEZA E DESINFECCIÓN

As persoas traballadoras desinfectarán os buggies e os carros, manuais ou eléctricos, antes e despois de cada uso. A limpeza das bólas farase ao entrar e ao saír do campo. Non se poderán usar lavabólas, fontes, bancos etc., que permanecerán pechados. Desinfectar o posto de traballo co cambio de quenda.



VÍAS RESPIRATORIAS

Cubrir as vías respiratorias cun pano desbotable ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo nun contedor con tapa, pedal e bolsa desbotable.



PRESTACIÓN DO SERVIZO

Usar os carros e os buggies de maneira individual ou en familia. Acudir directamente dende o aparcadoiro ao tee do 1, para comezar o xogo, manter as distancias de seguridade en todo o percorrido e ir directamente dende o campo de xogo ao aparcadoiro ao finalizar. Recoméndase que os xogadores veñan vestidos para o xogo.



OLLOS, NARIZ E BOCA

Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión, tamén cando se usen luvas e máscara.



USO DO CAMPO DE GOLF

Débense retirar os angazos dos bunkers. Os buracos deben ter un tope que impida que a bóla descenda por completo ao final do buraco. As bandeiras dos buracos deberán permanecer sempre no seu lugar, non se poderán quitar nin tocar.



PRODUTOS

Contar con solucións desinfectantes en sitios accesibles para uso da clientela, polo menos na entrada das zonas de uso compartido. Dispoñer de produtos para a hixiene de mans do persoal e para a limpeza e desinfección das instalacións.



MÁSCARAS E LUVAS

Proporcionar medios de protección persoal cando así o indique o servizo de prevención de riscos laborais ou a autoridade sanitaria. Refugalos ou desinfectalos despois do uso de xeito correcto.



EVITAR COMPARTIR

Non compartir equipos de traballo ou outros dispositivos, de non ser posible, desinfectaranse previamente. Deixar os obxectos persoais nun lugar dedicado para o efecto, de non ser así, desinfectalos frecuentemente.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS




SOSPEITA DA COVID-19

Ter previsto como actuar no caso dunha persoa con sospeita. Contactar sempre co centro de saúde ou chamar ao teléfono 900 400 116.



CONTROL DE ACCESO

As persoas usuarias deberán concertar cita previa coa entidade xestora da instalación, preferentemente por teléfono ou por medios telemáticos. Deberanse organizar horarios, fóra dos cales no se poderá permanecer nas instalacións.



SINALIZAR

Sinalizar o chan nos puntos de atención ao cliente e naquéloutros onde se prevean aglomeracións ou colas, de modo que se respecte a distancia mínima de 2 metros.



MEDIOS ELECTRÓNICOS

Fomentar o uso de medios telemáticos para xestionar as reservas, a recepción de albarás e a emisión de facturas. Utilizar o pago con tarxeta ou móbil sempre que sexa posible.

